

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 19 DE MARZO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Miguel Suárez García
D^a Marta M^a Figueroa Fuentes

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día dezanove de marzo do ano dous mil dezaioito, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Miguel Suárez García e D^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 12 DE MARZO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de marzo de dous mil dezaioito, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 12 de marzo de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 12 de marzo de 2018, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se fai pública a ampliación do crédito existente para a concesión das axudas previstas na Resolución do 4 de xaneiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se anuncia a convocatoria para o ano 2018, publicada no Diario Oficial de Galicia número 14, do 19 de xaneiro. DOG núm. 54 do 16-03-2018.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras

- Resolución núm. 323 de data do 01/03/2018 pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos núm. 115, á D.ª N. M. Y. P.
- Resolución núm. 334 de data do 06/03/2018 pola que se rexistra o animal potencialmente perigoso co número 109, de especie canina e raza American Staffordshire, de nome Rocky e propiedade de D. M. A. M. D.
- Resolución núm. 335 de data do 06/03/2018 pola que se resolve que non procede a execución por parte do Concello de Culleredo, das obras ou instalacións necesarias para dotar de subministro eléctrico ordinario á edificación situada na R/. Breogán, núm. 1, esquina coa R/. Clara Campoamor (UA21), por non estar delimitado obxectivamente á quen corresponde asumir e costear a extensión da rede de distribución.”

2.2.2.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Área de Urbanismo:

“RESOLUCIONS DO 12.03.2018

Resolución 356.- Concedendo a A.S.M. Licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Boedo, parroquia de Veiga (exp. UAU/2017/469)

Resolución 357.- Concedendo a I.T.K. e M.M.R.M, licenza de primeira ocupación para unha vivenda situada no lugar de Goiente, parroquia de Sueiro, e aprobando a devolución do aval que depositaron por un importe de 10.824,00 € e que se rexistrou co número de operación 320160000388. (exp. UAU/2017/652).

Resolución 358.- Concedendo a F.E.N.M., licenza municipal de obras para o cambio de cuberta dunha vivenda unifamiliar situada na avda. de Fonteculler, parroquia de Rutis (exp. UAU/2017/461).

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E APERTURAS

Pola xefa da Sección Técnica de Urbanismo informouse favorablemente en data 13 de marzo de 2018, a comunicación previa presentada por ASESORIA CAMINO, S.L para inicio actividade de asesoría laboral e fiscal, nun local situado na Praza Daniel Rodríguez Castelao, núm . 1, baixo 4, parroquia de Rutis (exp. UAU/2017/604).”

2.2.3.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
20/02/18	234	Conceder o servizo municipal de Axuda no fogar.	R. S. P. E M. V. B.	Cinco horas á semana (agás festivos).
		Conceder o servizo de Xantar na Casa.		Sete días á semana .

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
22/01/18	103	Conceder unha axuda económica	M.T.P.	Pago de recibo de comunidade, por un importe de 296,46€, correspondente os meses de xaneiro a xullo de 2017 Pago de recibo de auga , por un importe de 185,71€, correspondente ao 4º trimestre (60,98€) de de 2016, 1º trimestre (61,65€) e 2º trimestre(63,08€) de 2017 . Pago de recibo de electricidade, por un importe de 358,91€ correspondente aos meses de xaneiro (84,19€), febreiro (62,97€), marzo (80,61€), abril (74,62€) e maio (56,52€) de de 2017. Pago de recibo de gas , por un importe de 138,42€ correspondente aos meses de decembro 2016 e xaneiro de 2017 (60€), febreiro e marzo de 2017 (52,33€), abril e maio (26,09€) de 2017. Abono recibo comunidade referente aos meses de agosto, setembro e outubro de 2017. Abono recibo de auga referente ao 3º trimestre de 2017. Abono recibo de electricidade referente aos meses de xuño a outubro de 2017.	

C.I.F. P-1503100-H

				Abono recibo de gas referente aos meses de xuño, xullo, agosto, setembro e outubro de 2017.	
29/01/18	150	Concesión dunha axuda económica	G.P.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xullo (350€), agosto (350€) e setembro (350€) de 2017.	1050€
31/01/2018	163	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago	M.L.C.R.	Pago dos recibos de electricidade correspondentes aos períodos do 25/06/2017 ao 24/07/2017 (90,01€), 25/07/2017 ao 24/08/2017 (91,03€) e parte do recibo correspondente ao período do 25/08/2017 ao 24/09/2017 (25,40€).	
12/02/2018	212	Concesión dunha axuda económica.	M.E.G.C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de setembro (125€), outubro (125€), novembro (125€), decembro (125€) de 2017, xaneiro (125€), febreiro (125€), marzo (125€), abril(125€) e parte de maio (65€)de 2018.	1065€
21/02/18	246	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago.	J. A. C. L.	Recibo de auga, correspondente ao segundo trimestre de 2017. Recibo de gas correspondente ao período comprendido entre o 05/06/2017 ao 03/08/2017. Recibo de electricidade correspondente ao período comprendido entre o 18/10/2017 ao 17/12/2017.	114,44 € 52,27 € 93,48

21/02/18	249	Autorización, disposición, recoñecemento e orden de pago	Y. M. C.	Recibo de auga correspondente ao cuarto trimestre de 2017	78,66 €

“

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN

EDUCACULLEREDO 2017/2018

A) ACTIVIDADE: *Concerto didáctico II: Percutir, percutindo.*

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 19 de marzo.

Horario: de 10:00 a 11:00 h. (1º concerto) e de 11:30 a 12:00 h (2º concerto).

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova, Díaz Pardo, Ría do Burgo e A Ponte Pasaxe.

Curso: 3º de EP.

Lugar: Salón de actos do Edificio de Servizos Múltiples.

Participantes: 275.

B) ACTIVIDADE: *Obradoiro de saúde bucodental.*

Programa: Educación para a saúde.

Datas: 19, 20, 21 e 23 de marzo.

Horario: de 9:00 a 13:00 h.

Colexios participantes: Sofía Casanova, Ría do Burgo e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 1º de EP.

Lugar: Aulas.

Participantes: 300 (2 sesións).

C) ACTIVIDADE: *Habilidades sociais básicas: resolución pacífica de conflitos.*

Programa: Educación cívica.

Datas: 20 e 22 de marzo.

Horario: de 9:00 a 13:00 h.

Colexios participantes: Sofía Casanova, Ría do Burgo e CPR A Ponte Pasaxe.

Curso: 3º de EP.

Lugar: Aulas.

Participantes: 150.

D) ACTIVIDADE: *Obradoiro de poesía e natureza: oda ás árbores.*

Programa: Educación medioambiental.

Datas: 21 de marzo.

Horario: de 10:00 a 13:00 h.

Colexios participantes: Tarrío, Sofía Casanova e Ría do Burgo.

Curso: 2º de EP.

Lugar: Aula de natureza e Xardín Botánico.

Participantes: 200.

C.I.F. P-1503100-H

ACTIVIDADES CULTURAIS

MARTES 20 DE MARZO

Conservatorio de Música de Culleredo. 18.15 h:
Concerto didáctico de piano, con alumnos/as da profesora Elena González. Entrada libre

MÉRCORES 21 DE MARZO

Conservatorio de Música de Culleredo. 17.00 h:
Concerto didáctico de canto e coro, con alumnos/as da profesora Victoria Álvarez. Entrada libre.

XOVES 22 DE MARZO

Conservatorio de Música de Culleredo. 19.00 h:
CULLENCONTROS EN 44:05: David Peralta, experto en redes sociais: "A importancia de internet e as redes sociais para o mundo da música". Entrada libre.

XOVES 22 DE MARZO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo.
17.00 h e 18.30 h:
Obradoiro de cociña.
De 7 a 11 anos. Previa inscrición (na mesma semana).

XOVES 22 DE MARZO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:
Tertulia de Arte: *O xardín como metáfora visual*, con Luisa Valdés. Entrada libre.

VENRES 23 DE MARZO

Biblioteca González Garcés do Burgo. 18.30 h:
Obradoiro de contos: *Os meus pequenos medos*.
De 5 a 8 anos. Previa inscrición (na mesma semana).

VENRES 23 DE MARZO

Conservatorio de Música de Culleredo. 18.30 h:
Concerto didáctico de fin de trimestre, a cargo de alumnos/as do Conservatorio de Culleredo. Entrada libre."

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde

C.I.F. P-1503100-H